



**Acta núm. 13/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 26 de xullo de 2022.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

José Luis Sampedro Bouzas.

Carlos Noya Pereira.

María Rosa Romero Fariña.

Non asiste: Sandy Marie Cebal Gómez

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 26 de xullo de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 12/2022, DO 05.07.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 5º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 6º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 7º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADO PERMANENTE.
- 8º) BONIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.
- 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 12/2022, DO 05.07.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 05.07.2022, acta núm. 12/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN LIÑARES GIMÉNEZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras nunha vivenda sita na aldea do Casal nº 9 – Brión:

- Limpeza de fachada.
- Cambiar as ventás de madeira en mal estado por outras de aluminio lacado en cor branco.
- Colocación dun chanzo sobre a porta de entrada para mellorar as condicións de accesibilidade da vivenda.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1) do PXOM, e sitúase na aldea do Casal, integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM (BE4).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 08.07.2022 (expediente 692/22), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Que as carpinterías exteriores sexan de madeira.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 60,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 124,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LIDIA CORDO SÁNCHEZ, na que comunica que vai abrir un oco de 1,00 m. de ancho x 1,20 m. de alto, na fachada posterior dunha vivenda sita no lugar de Osebe nº 5 – Bastavales.

A parcela (referencia catastral 7404617NH2470N0001MK) onde se pretende realizar a obra atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 11,60 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 76,17 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA GRACIELA PÉREZ BARBAZÁN, na que comunica que vai instalar placas solares para autoconsumo nunha vivenda sita no lugar de Lago nº 8 - Os Ánxeles. As placas (21 módulos) instalaranse sobre o terreo anexo á vivenda.

A parcela (referencia catastral núm. 5440820NH2454S0000OH) emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2, para as áreas non consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O conxunto das placas a instalar situarase mínimo a 8 metros do eixe do vial e a 3 metros mínimo de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 290,45 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 355,02 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ARTURO CAMIÑO VILLAVERDE, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta coas seguintes dimensións: 10 m. de longo x 4,00 m. de ancho x 1,50 m. de fondo, nunha parcela sita na Telleira nº 10 – Bastavales.

A parcela (referencia catastral núm. 9427602NH2492N0001EF) emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A piscina situarase mínimo a 5 metros do eixe do vial e a 3 metros mínimo de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 239,00 euros.
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 303,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ELSA TORRES GAONA, na que comunica que vai realizar obras de conservación nas fachadas dunha vivenda sita en Mourentáns 40 – Viceso, aplicando un sistema de illamento tipo Sate e pintado das mesmas, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A edificación (referencia catastral número 1574501NH2417S0001GY) emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural en áreas consolidadas pola edificación, sitúase dentro dunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como VE2, e segundo informe da arquitecta, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos, en base a Instrución de 8 de novembro de 2017; e atópase dentro da zona de afección da DP-1302, dentro da liña de edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Deputación Provincial de A Coruña, de data 14.07.2022 (expediente: 2022000035058), e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- As fachadas remataranse na mesma cor que teñen na actualidade.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 129,08 euros.
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 193,65 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar de Coruxido nº 20 (referencia catastral n.º 7505139NH2470N0001YK) - Bastavales, abrindo unha zanja de 16 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña en data 14.06.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 57,76 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 11,55 euros.
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 76,12 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar de Chave de Ponte nº 53 (referencia catastral n.º 9113207NH2491S0001QT) - Bastavales, abrindo unha zanja de 9 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña en data 02.06.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 134,84 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 20220000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 26,97 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 91,54 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar de Estrar nº 41 (referencia catastral n.º 7039410NH2474S0000ZQ) – Os Ánxeles, abrindo unha zanja de 99 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña en data 31.05.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.171,31 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 20220000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 234,26 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 298,83 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro a unha edificación de uso terciario, emprazada no Paseo de Pedrouzos nº 15 (referencia catastral n.º 6555938NH2465N0001UU) - Brión, abrindo unha zanja de 22 metros de lonxitude sobre un vial

municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña en data 31.05.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 131,57 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 20220000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 26,31 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 90,88 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Javier Amenedo Ansedo, que di actuar en representación de MIHAELA MERICARU (vivenda 1), PROMOTORA DE VIVENDAS BERTAMIRÁNS S.L. (vivenda 2 e 3) e MARÍA ÁLVAREZ GONZÁLEZ e ALBERTO IBÁN FERNÁNDEZ (vivenda 4), solicitando licenza para construír catro vivendas unifamiliares pareadas (dous a dous) en Gundín 28-29-30-31 – Os Ánxeles, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansedo, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 20.06.2022 (expte. 2203149).

As parcelas onde se van realizar as obras (resultantes da segregación da parcela con referencia catastral 5242603NH2454S0001ZJ que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local con data 02.11.2021) emprázanse sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansedo, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 20.06.2022 (expte. 2203149).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (283,56 m², coincidente coa superficie de cesión aceptada pola Xunta de Goberno Local de data 02.11.2021, con ocasión da concesión da licenza de segregación), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900 € por cada vivenda, facendo un total de 3.600,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para as vivendas unifamiliares non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en

calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras de construción das vivendas, os interesados deberán solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación acreditando a completa finalización das obras (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia, artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia e artigo 355.3 do Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

a. Promotor MIHAELA MERICARU

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.799,64 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.895,67 euros.

b. Promotor PROMOTORA DE VIVENDAS BERTAMIRÁNS, S.L.

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 7.198,56 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 381,24 euros.

Total: 7.579,80 euros.

c. Promotores ALBERTO IBÁN FERNÁNDEZ e MARÍA ÁLVAREZ GONZÁLEZ

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.799,64 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.895,67 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por RODRIGO CARBALLAL VILAVERDE e ELENA GIPPINI POSE, solicitando licenza para rehabilitar unha vivenda unifamiliar en Brión de Abaixo nº 11– Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Iván Camba Dopazo, con data de visado de 12.05.2022 (expte. nº2202713), e documentación complementaria visada con data 30.06.2022.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral nº 5359402NH2456S0001BT) emprázase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e situase na aldea de Brión de Abaixo incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM coa clave identificada BE3.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 23.02.2022 (expte. 2210/21), e dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Ivan Camba Dopazo, con data de visado 12.05.2022 (expte. nº2202713), e documentación complementaria visada con data 30.06.2022.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (53 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cms. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe do arquitecto municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 53,00 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 19 de xullo de 2022.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.466,14 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 136,53 euros.

Total: 1.602,67 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Eugenio Atán Castro, que di actuar en representación de SANTIAGO ABAÑA VILOUTA, solicitando licenza para construír unha edificación complementaria (garaxe e almacén de apeiros) en Chave de Carballo – Bastavales, segundo o proxecto básico e de execución asinado polos arquitectos Eugenio Atán Castro e Javier Aballe Lago, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 27.01.2022 e documentación complementaria visada o 28.04.2022 e 08.07.2022 (expte. nº 2106968). A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral nº 9117708NH2491N0001RB) emprázase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 (áreas consolidadas pola edificación), dentro da zona de policía de leitos do río Sar.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 29.06.2022 (expte. DH.W15.84955), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polos arquitectos Eugenio Atán Castro e Javier Aballe Lago, visado polo COAG con data 27.01.2022 e documentación complementaria visada o 28.04.2022 e 08.07.2022 (expte. nº 2106968).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (64 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a edificación auxiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 64,00 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 20 de xullo de 2022.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 840,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 936,03 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ MARÍA BARCA LÓPEZ e MIRIAN MOSQUERA MACÍAS, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Brans de Abaixo 40 – Brión, segundo o proxecto de execución asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 31.05.2022 e documentación complementaria visada con data 07.07.2022 (expte. 2203091).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral nº066204NH2476N0001IT) emprázase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2 (áreas non consolidadas pola edificación).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 31.05.2022 e documentación complementaria visada con data 07.07.2022 (expte. 2203091).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (85m², coincidente coa superficie de cesión aceptada pola Xunta de Goberno Local de data 01.03.2018, con ocasión da concesión da licenza de segregación), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.931,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.027,03 euros.

QUINTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA TERESA RIAL GONZÁLEZ e JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ REY, na que solicitan a modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 30.10.2018, e posterior modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 23.12.2019, para construír unha vivenda unifamiliar e edificación auxiliar en Brans de Abaixo 34, Brión, segundo a documentación final de obra asinada polo arquitecto Oscar Real Villapalos, visada no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21.02.2022, nos seguintes termos:

- Modifícase a superficie de cesión, que aumenta de 17,61 m² a 29,92 m², e polo tanto a superficie neta da parcela, que se reduce de 498,83 m² a 486,52 m², segundo a comprobación e medición in situ.
- A modificación pretendida non modifica a implantación da edificación no terreo, a edificabilidade nin a ocupación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a modificación da licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación expresa da cesión efectuada de: 29,92 m², destinada a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 11 de xullo de 2022.

SEXTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA TERESA RIAL GONZÁLEZ, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Brans de Abaixo 34 - Brión.

A Xunta de Goberno Local do 30.10.2018 concedeu licenza para construír unha vivenda unifamiliar e unha edificación auxiliar en Brans de Abaixo 34, Brión, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Oscar Real Villapalos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17.09.2018.

A Xunta de Goberno Local do 23.12.2019, acordou conceder a modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 30.10.2018, para construír unha vivenda unifamiliar e unha edificación auxiliar en Brans de Abaixo 34, Brión, segundo o proxecto básico e de execución que presenta redactado polo arquitecto Oscar Real Villapalos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.11.2019 (n.r.e.: 1801462).

A Xunta de Goberno Local do 16.11.2021 concedeu unha prórroga de tres anos para o remate das obras.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Oscar Real Villapalos con data 18.01.2022, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03.03.2022, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en O Cabo 23 – Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local do 13.03.2020, concedeu licenza para construír unha vivenda unifamiliar, no lugar de Cabo nº 23 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto David Fernández Nogueira, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 28.06.2019, e a documentación complementaria visada con data 04.03.2020 (n.r.e.: 1903020).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto David Fernández Nogueira con data 26.04.2022, visado polo Colexio Oficial o 11.05.2022, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 99,07 euros.

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 195,92 euros.

SÉTIMO .- CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Javier Lago Sanmartín, que di actuar en nome de HOTEL BALNEARIO DO TREMO, S.L, na que solicita cambio de titularidade da licenza de vado permanente núm. 2013/03, sito en O Tremo, Os Ánxeles, concedido pola Xunta de Goberno Local do 26.03.2013 a nome de Hotel Balneario de Compostela S.L.

O Sr. Alcalde abstense no debate e votación deste asunto ao manifestar que concorre nel causa de abstención do art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de vado permanente núm. 2013/03, sito en O Tremo, Os Ánxeles, a nome de Hotel Balneario do Tremo, S.L., co CIF:B-06921803.

OITAVO .- BONIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.



a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por C.P.I.M., con rexistro de entrada no Concello núm. 1988, do 15.07.2022, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación do seus fillos A.T.I. e E.T.I. na actividade de: Conciliaverán 2022. Vista a proposta de bonificación do 50% da traballadora social do 15.07.2022, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnicaamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a C.P.I.M. unha bonificación do 50% do prezo público por importe de: 82,00 € correspondente á participación de A.T.I. e E.T.I., na actividade de: Conciliaverán 2022, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnicaamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento.

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,35 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González